

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL DO CLUB ALPINO OURENSÁN-CLUB ALPINO MANZANEDA-2023, DE DATA VINTECATRO DE FEBREIRO DE DOS MIL VEINTITRÉS

CONVOCADOS 3 membros:

Presidente:

Dona M^a del Carmen Conde Durán

Secretaria:

Dona Beatriz Rodríguez Sarmiento

Vogal:

Don Carlos Vázquez González

Secretario/a de actas: ---

En Ourense, sendo as VINTE horas e VINTE minutos do VINTECATRO de FEBREIRO de DOS MIL VINTETRÉS, reúnese a Xunta Electoral do Club Alpino Ourenseño-Club Alpino Manzaneda-2023, de conformidade co Calendario Electoral aprobado; na SEDE SOCIAL do clube, sita na Rúa Ervedelo nº 32-34, local 59 do "Centro Comercial Couto", CP 32002, da cidade de Ourense; estando presentes os tres compoñentes da Xunta Electoral á marxe sinalados; quedando válidamente constituída a mesma, para tratar o asunto previsto no calendario electoral, cal é, a Proclamación Definitiva da Presidencia do CAOU-CAM, baixo a presidencia de Dna. M^a del Carmen Conde Durán e actuando como Secretaria Dona Beatriz Rodríguez Sarmiento.

Punto nº 1.- Proclamación Definitiva da Presidenta do CAOU-CAM-2023.

Previa a comprobación da inexistencia de reclamacións a Elección Provisional da Presidenta do CAOU-CAM do pasado día 20 e transcorrido o prazo de dous días hábiles fixado no Regulamento Electoral, proponse acordar a Proclamación Definitiva da Presidenta do Club Alpino Ourenseño-Club Alpino Manzaneda, na persoa de Dona María del Mar Pallás Valleros.

Sometida a votación a proposta anterior, resulta aprobada co voto favorable da totalidade dos membros da Xunta Electoral, constituíndo o **Acordo Primeiro** da presente reunión.

Punto nº 2.- Publicación do Acordo de Proclamación de Presidenta.

Proponse a publicación do acordo anterior na páxina web do clube e no taboleiro de anuncios da sede do mesmo, así como a súa comunicación individual aos socios dos que se dispoña do seu correo electrónico, todo o cal se fará de xeito inmediato, unha vez rematada a presente reunión.

Sometida a votación a proposta anterior, resulta aprobada, co voto favorable da totalidade dos membros da Xunta Electoral, constituíndo o **Acordo Segundo** da presente reunión.

Non habendo outros puntos que tratar, a Señora Secretaria finaliza a redacción desta Acta, procedendo a súa lectura, que sometida a votación resulta **aprobada** co voto favorable da totalidade dos presentes, constituíndo o **Acordo Terceiro** da presente reunión da Xunta Electoral.

Seguidamente a Presidenta agradece a presenza de todos, da por concluída e levanta a sesión, non sen antes enviar unha felicitación de toda a Xunta Electoral á nova Presidenta e de dar por rematada a súa tarefa, quedando disolta a mesma, sendo as **vinteunha horas** da data arriba indicada, o cual como Secretaria certifico, co visto bo da Señora Presidenta.

Vº Bº
A Presidenta,

Ado.: Dna. M^a del Carmen Conde Durán.

A Secretaria,

Ado.: Dna. Beatriz Rodríguez Sarmiento.

Segue a sinatura do Vogal presente na reunión,

Asdo.: D. Carlos Vázquez González.